



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-AP / 2018

Expediente: 2018000005491

RESOLUCIÓN Nº 30694 DO 13/09/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 26716, do 07/08/2018, aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de artes plásticas e visuais, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido ás persoas interesadas pola resolución devandita e visto que non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican.

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220180013514, por importe total de 27.000 €.

3.- Nomear suplentes ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2.

4.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	LUIS LLORÉNS PENDÁS	9.000,00€
Expediente	2018000027032	
Obxecto	Bildende Künste (MA) - Studienschwerpunkt Grafik/Typografie/Fotografie. [Belas Artes (MA) - EspecialidadeGráfico/Tipografía/Fotografía], na Hochschule für bildende Künste	

Persoa beneficiaria	SABELA PORTO ARES	9.000,00€
---------------------	-------------------	-----------

Expediente	2018000027065
Obxecto	Máster PhotoEspaña Teorías y Proyectos Artísticos, na PIC A Escuela Internacional, en Alcobendas

Persoa beneficiaria	UXÍA PEREIRO VAELLO	9.000,00€
---------------------	---------------------	-----------

Expediente	2018000027276
Obxecto	Cursos libres de vestuario, escenografía, cor e técnicas de deseño, no Centro Universitario de Belas Artes de Sao Paulo.

Total concedido	27.000,00 €
-----------------	-------------

ANEXO 2. SUPLENTES

Suplente 1: Francisco Javier Almau Taboada

Suplente 2: Alejandra Martín Blanco

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.